



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

---

### BASES QUE REXERÁN O CONCURSO DE DISFRACES INFANTIL PROGRAMADO POR MOR DO ENTROIDO 2017 NO CONCELLO DE PONTEDEUME

- 1.- O concurso infantil terá lugar no Pavillón Municipal A Casqueira de Ponte deume o Luns 27 de Febreiro ás 18:30 horas.
- 2.- Para poder participar e optar aos premios é necesario cubrir (en todos os seus apartados) a solicitude de inscrición e presentala no Departamento de Cultura, sito na Avda. do Peirao, Baixo s/n (Edificio de Xulgados), antes do Venres 24 de Febreiro ás 13 horas. Os interesados poden inscribirse o mesmo día, no lugar do concurso dende as 17:30 ata as 18:15
- 3.- Poderán participar todos/as aqueles nenos/as ata os quince anos cumpridos.
- 4.- Os participantes terán que subir ao palco para que o xurado poida puntuar o disface.
- 5.- Os disfraces puntuaranse por dificultade de elaboración, orixinalidade, enxeño e vistosidade.
- 6.- No apartado de premios, serán cinco categorías: De 0 a 4 anos, de 5 ata 8 anos, de 9 ata 12 anos, de 13 ata 15 anos e un grupo familiar. Haberá catro premios por categoría, que terán premios cunha cuantía de 70, 50, 40 e 20 € que serán entregados e canxeables en vales de compra en diferentes establecementos de Ponte deume.
- 7.- Os gañadores terán que vir acompañados do pai, nai ou tutor legal que deberán entregar unha fotocopia do dni para a recollida do premio.
- 8.- A inscrición implica coñecer e aceptar as bases do concurso.
- 9.- A orde de participación será por rigurosa orde de inscrición.
- 10.- Os premios poderán quedar desertos se o xurado o estima oportuno.
- 11.- Calquera dúbida que poida xurdir no desenvolvemento do concurso, será o xurado o que terá potestade para resolvela.
- 12.- O incumprimento dalgunha destes puntos implica a descalificación e baixa no concurso.

